PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2009

XLI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Ponteareas (Pontevedra), 13-16 outubro 2009

LIBRO DE PONENCIAS

Director: *Prof. Dr. Francisco Peña*

Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2009 – XLI Curso de Saúde Ambiental – Ponteareas (Pontevedra), 13-16 outubro 2009. Libro de Ponencias / Francisco José Peña Castiñeira, dir. – Santiago de Compostela: Francisco José Peña Castiñeira (ed.), 2009.- 228 p; 28 cm.- Índice.

504.- Ciencias do medio ambiente.

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Deseño cuberta: Francisco José Peña Castiñeira
Depósito Legal: C - ???/2009
Edición no venal

PRESENTACIÓN

Francisco José PEÑA CASTIÑEIRA

Responsable Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2009

´O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación´.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992) e a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desesenvolvemento de Johannesburgo (2002), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2009,** que contou cos parabéns do coordinador do proxecto ′Healthy Cities′ da Oficina Rexional para Europa da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira en España, leva consigo:

- Un primeiro nivel de actuación: de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.

- Un segundo nivel de actuación: de participación cidadá, peza clave na posta en marcha de calquera programa de actuación.

- Unha recomendación: que os concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia, coa axuda e o apoio da Administración, adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien e impulsen a posta en marcha e o desenvolvemento da Axenda 21 Local.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, co apoio da OMS, auspiciado pola SESA e baixo o mecenado da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación-Consellería de Sanidade, Obra Social Caixa Galicia, Egael-Fegamp, Sogama e Iberdrola, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo desta década, contou coa participación de 220 concellos (217 galegos, 2 leoneses e 1 asturiano) e 3.765 asistentes nas 40 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios que ten a Comarca do Condado, organízase o XLI Curso de Saúde Ambiental, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental da Comarca do Condado, ademais de punto de encontro de sanitarios e ambientalistas, e referencia ambiental de Galicia durante esa semana, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro da nosa terra.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para tod@s @s galeg@s, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira
RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2009

INTRODUCCIÓN: ´PENSAR GLOBALMENTE, ACTUAR LOCALMENTE´ (*)

Dr. Dinko KELLO

Regional Adviser Environment and Health Policy-World Health Organization-Regional Office for Europe

Los ministros de Sanidad y de Medio Ambiente reconocieron en la Conferencia de Helsinki1[1] que para resolver los problemas del medio ambiente, la salud y el desarrollo sostenible, se necesita llegar a un acuerdo y emprender acciones no sólo a nivel nacional e internacional, sino también a nivel subnacional y local. En la Conferencia se adoptó el Plan de Acción en Sanidad Ambiental para Europa (EHAPE-*Enviromental Health Actino Plan for Europe*), en el que el principio de subsidiariedad, que es uno de los principios fundamentales promovidos por la Conferencia de Helsinki en la resolución de los problemas de sanidad ambiental, exige un modelo de gobierno en el que se tomen decisiones y se emprendan acciones en el nivel más adecuado. En muchos países este principio exige nuevas formas de pensar, que dan lugar a una función más de apoyo y mediación que pueda ayudar a los organismos de gobierno a nivel local u otro nivel a actuar en conjunto. La adopción y alcance del principio de subsidiariedad varía mucho dentro de la Región europea y depende en gran medida de la constitución, estructura administrativa y cultura inherentes a cada Estado miembro.

El desarrollo de planteamientos *´verticalistas´* acerca de la elaboración y aplicación de las políticas ha sido respaldado por muchos acuerdos internacionales diferentes y planes de acción relacionados con el medio ambiente, la salud y el desarrollo sostenible. Este es un mecanismo que ha sido reconocido durante mucho tiempo en el mundo de la sanidad ambiental; por ej., los agujeros de la capa de ozono requieren claramente un acuerdo a nivel mundial, mientras que la rsolución de problemas como la calidad del aire y el ruido siguen siendo cuestiones que se deben resolver a nivel local.

Dentro del contexto de los planes nacionales de acción en sanidad ambiental (NEHAP-*National Environmental Health Actino Plan*)[2], existe un acuerdo unánime acerca de que las decisiones y la planificación a nivel local constituyen una condición previa para que su aplicación tenga éxito y que fomentarán mucha actividad y progreso. Un estudio reciente a cargo del Consejo Nacional para las Iniciativas Medioambientales Locales[3] demuestra que más de 100 localidades han desarrollado estrategias de la Agenda Local 21 dentro de la Región Europea. A esta cifra hay que añadir los cientos de entidades locales en toda la Región que han desarrollado iniciativas del estilo de *´Ciudades Saludables´* u otras menores, pero cada vez existen más entidades que utilizan el marco de la NEHAP para desarrollar sus propios planes locales. También existe un país en la Región europea en el que el desarrollo y la elaboración de planes locales ha influido directamente y ha constituido la base para un plan nacional. Este planteamiento *´verticalista´* ha permitido que el plan nacional apoye y complemente el trabajo que se está llevando a cabo a nivel local. Por lo tanto, la creación de los NEHAPs no pretendía repetir esfuerzos y programas previos, sino que más bien intentaba complementar y llevar a cabo una mayor integración a todos los niveles entre los programas de sanidad y medio ambiente. Por lo tanto, el concepto de desarrollo de acciones locales basadas en los principios y el marco del EHAPE se debe considerar de la misma forma.

Siguiendo el proceso antes mencionado en Europa, la Oficina Regional para Europa de la OMS ha decidido apoyar a las entidades locales y regionales para alcanzar los objetivos del desarrollo sostenible. Se propone que, basándose en las experiencias de los planes de sanidad ambiental locales, las iniciativas de Ciudades Saludables y los programas de la Agenda Local 21 existentes en algunos países europeos, las entidades locales y regionales:

- *Proporcionen un análisis de los planes e iniciativas locales existentes en la región para identificar sus características comunes y estudiar de qué forma se pueden relacionar entre sí y apoyar a los planes nacionales de acción sobre sanidad ambiental.*

- *Basándose en este análisis, dar opciones para los planes locales de acción en sanidad ambiental que proporcionen los niveles necesrios de flexibilidad para garantizar que se pueda dar un proceso de planificación ´verticalista´.*

En este sentido las entidades locales pueden funcionar de una forma mucho menos estructurada, que no esté basada en el protocolo y las formalidades del derecho o de una convención nacional o internacional, permitiéndoles reaccionar de una forma mucho más rápida a las diferentes presiones y problemas que deben resolver. También pueden asociaciarse a nivel local, nacional o incluso internacional con mayor facilidad que los gobiernos nacionales.

Este libro representa un brillante ejemplo de los esfuerzos proclamados por la Organización Mundial de la Salud: *´Pensar globalmente, actuar localmente´*. No es su intención orientar a las entidades locales sobre cómo deben desarrollar un nuevo sistema de gestión de la sanidad ambiental. Más bien pretende sacar provecho y basarse en las distintas experiencias y conocimientos adquiridos por las ciudades y pueblos que han establecido iniciativas y planes municipales de sanidad ambiental o medio ambiente bajo el estandarte de la Agenda Local 21. Sin duda, los planteamientos respaldados por todos estos programas tienen características semejantes y una sinergia que pide de forma natural cierto nivel de investigación.

Uno de los productos de este libro sería, pues, una síntesis de las prácticas adecuadas que proporcionarían opciones para permitir a las entidades locales o bien que comiencen una mejor gestión de la sanidad ambiental o que complementen de forma positiva sus planes y programas existentes y que sirvan como fundamento para el proceso. El libro apunta los pros y los contras de los diferentes planteamientos de la gestión adecuada de la sanidad ambiental y demuestra las ventajas y el valor añadido de las distintas formas en las que se puede abordar el problema. Por lo tanto, la Oficina Regional para Europa de la OMS recomienda plenamente esta publicación.

(*) Fuente: Peña Castiñeira, F.J.: ´Medio Ambiente y Salud´. Editorial Compostela, S.A. Santiago de Compostela, 1998.

[1] Segunda Conferencia Europea sobre el Medio Ambiente y la Salud, Helsinki, 20-22 de junio de 1994.

[2] Los ministros de Sanidad y Medio Ambiente acordaron en la Conferencia de Helsinki que cada país de Europa elaboraría antes de 1997 su Plan Nacional de Acción en Sanidad Ambiental (NEHAP).

[3] Estudio de la Agenda Local 21 – Un estudio de respuestas por parte de entidades locales y sus asociaciones nacionales e internacionales a la Agenda 21, ICLEI en colaboración con el Departamento de Coordinación de Políticas y Desarrollo Sostenible de la ONU, febrero 1997.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN
Francisco José Peña Castiñeira 3

INTRODUCCIÓN
Pensar globalmente, actuar localmente
Dinko Kello, Regional Adviser Environment and Health Policy Word Health Organization Regional Office for Europe 5

I MESA REDONDA
O camiño cara a un medio ambiente saudable e sostible para tod@s: unha esperanza alcanzable no terceiro milenio
MODERADOR
Luis Espada Recarey, ex-rector e catedrático de Enxeñaría Química da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo, valedor do Cidadán de Vigo
RELATORES
Medio ambiente e saúde: conceptos que deben valorarse conxuntamente
Ángel Gómez Amorín, subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ……..... 13
Posta en valor do patrimonio natural galego: importancia da súa protección e consevación
Ricardo García-Borregón Millán, director xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia ……..…… 15
Radiografía da saúde ambiental de Galicia: propostas de mellora
Francisco José Peña Castiñeira, profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE-Universidade Politécnica de Madrid, académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, experto en saúde ambiental …….. 22

I CONFERENCIA MONOGRÁFICA
O sistema de vixilancia da calidade do aire e o control de emisións en Galicia
José Gil de Bernabé Sánchez, director do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia ……..… 31

II MESA REDONDA
Modelo enerxético sostible e loita contra o cambio climático
MODERADOR
Francisco José Peña Castiñeira
RELATORES
O cambio climático en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro
Dionisio Rodríguez Álvarez, xefe do Servizo de Observación e Prospeción Ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia 41
A sostibilidade ambiental dos recursos enerxéticos
Ángel Lagares Díaz, xefe de Medio Ambiente de Gas Natural …….. 46
Políticas de desarrollo ante un modelo enerxético en crisis
Miguel F. Calleja Mediano, responsable de Regulación de Iberdrola nas Comunidades Autónomas …….... 48

II CONFERENCIA MONOGRÁFICA
Plans de actuación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil e de Augas de Galicia na provincia de Pontevedra, co especial referencia á Comarca do Condado
Francisco Fernández Liñares, presidente da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Medio Marino ……..…… 53
Francisco Alonso Fernández, xefe do Servizo Territorial da Zona Galicia Sur de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, profesor da Universidade de Vigo ……..……..…… 55

III MESA REDONDA
A protección e a mellora da calidade das augas: elemento crítico para a saúde e o desenvolvemento sostible da provincia de Pontevedra, co especial referencia á Comarca do Condado

MODERADORA
María Julia Melgar Riol, profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo
RELATORES
Estado actual dos abastecementos de augas da provincia de Pontevedra
María del Carmen Sánchez Barral, xefa da Sección de Sanidade Ambiental do Departamento Territorial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en Pontevedra …….. 59
Características e particularidades das augas minerais de Mondariz: a súa protección e xestión
Alberto Cabadas Avión, director de Calidade e Medio Ambiente de Aguas de Mondariz Fuente del Val, S.A. …….. 61
A xestión dos servizos de abastecemento e saneamento nalgúns concellos da provincia de Pontevedra
Cristina Navarro Riaza, xefa de Produción da Zona Suroeste de Aquagest, S.A. …….. 65

IV MESA REDONDA
A xestión integral dos residuos en Galicia: novos retos ante a Lei de Residuos de Galicia
MODERADOR
Benito García Carril, director de Galicia Ambiental-Grupo Correo Gallego, periodista especializado en información ambiental, membro da Asociación de Periodistas de Información Ambiental de España (APIA)
RELATORES
Sociedade Galega do Medio Ambiente: novos retos de futuro
*María Esther Campos Mosque*ra, responsable de Comunicación e Prensa de Sogama ……..…… 71
CTRIG-Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia: situación actual e perspectivas de futuro
Ramón Blanco López, director industrial de Sogarisa ……..……... 73
A xestión de residuos radiactivos: unha solución ambiental
Silvia Rueda Sánchez, técnico do Departamento de Formación de Enresa ……..… 76
Papel dos xestores autorizados na recollida, transporte e tratamento final dos residuos industriais non perigosos
Elvira Camarero Pérez, directora comercial do Grupo GESTÁN …….…. 78

III CONFERENCIA MONOGRÁFICA
Instrumentos legais e financeiros de protección ambiental na Unión Europea
Juan José lirón Lago, asesor técnico da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia ……..….. 83

V MESA REDONDA
A empresa ante o reto ambiental do século XXI cara a sostibilidade de Galicia
MODERADOR
José Senén Rodríguez-Carrera Bouza, presidente da Asociación de Empresarios do Condado
RELATORES
A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial
Paula Rodríguez Carballo, auditor xefe de AENOR-Delegación Galicia …….. 87
A implantación de ferramentas de xestión ambiental na empresa
Javier Bartolomé Mier, xefe do Departamento de Consultoría e Medio Ambiente de Novotec Galicia Sur . 89

IV CONFERENCIA MONOGRÁFICA
Consumo responsable: o consumidor como axente activo do mercado
María Nava Castro Domínguez, presidenta do Instituto Galego de Consumo e directora xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia …….. 93

VI MESA REDONDA
Posta en valor do patrimonio natural, forestal e termal da Comarca do Condado
MODERADOR
Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez, presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, naturalista e investigador
RELATORES
O monte como fonte de recursos cara ao desenvolvemento sostible do medio rural galego
Enrique Martínez Chamorro, xefe do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en Pontevedra, en representación da Dirección Xeral de Montes ……. 97
Balneario de Mondariz: fonte de saúde, turismo e natureza
Laura Gómez San Miguel, médico do Balneario de Mondariz ……... 99

Contribución da Deputación Provincial de Pontevedra ao desenvolvemento sostible da provincia
María Martínez Abraldes, técnico de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra …… 100

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS ´MEDIO AMBIENTE & SAÚDE´ 105

LEXISLACIÓN AMBIENTAL (RECOPILACIÓN) 121

ANEXO I: RELACIÓN DE PROFESORES, RELATORES, MODERADORES E PRESIDENTES DE SESIÓN QUE PARTICIPARON NOS CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL REALIZADOS 141

ANEXO II: RELACIÓN DE VISITAS PRÁCTICAS NOS CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL REALIZADOS 157

ANEXO III: RELACIÓN DE COLABORADORES E PARTICIPANTES NOS CURSOS DE SAÚDE AMBIENTAL REALIZADOS 165

ANEXO IV: AS DATAS DO MEDIO AMBIENTE E DA SAÚDE (CALENDARIO) …… 227

I MESA REDONDA

O CAMIÑO CARA A UN MEDIO AMBIENTE SAUDABLE E SOSTIBLE PARA TOD@S: UNHA ESPERANZA ALCANZABLE NO TERCEIRO MILENIO

MODERADOR: LUIS ESPADA RECAREY

MEDIO AMBIENTE E SAÚDE: CONCEPTOS QUE DEBEN VALORARSE CONXUNTAMENTE

Ángel GÓMEZ AMORÍN

Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

I. PRINCIPAIS CAUSAS DE MORTALIDADE EN GALICIA

Segundo o rexistro galego de mortalidade, nos últimos anos un 36% dos galegos e galegas morren por enfermidades cardiovasculares, un 26% por cancro, un 13% a causa de enfermidades respiratorias e en torno ó 5% por accidentes. Estes catro grupos causais son pois responsables do 80% da mortalidade de Galicia, patrón de mortalidade que non difire do que presentan a práctica totalidade dos chamados países desenvolvidos.

Non podemos dicir o mesmo da mortalidade dos países menos favorecidos, nos que as infeccións e outras causas debidas en boa medida á pobreza, condicionan unha mortalidade moi diferente.

Evidentemente de algo temos que morrer, pero se analizamos a mortalidade precoz evitable, así como a tendencia temporal da mesma, comprobaremos que as máis importantes causas específicas de mortalidade, se atopan entre estes catro grupos causais. Así pois, morremos máis por esas causas, morremos antes e a tendencia temporal é crecente. Pero cando falamos do proceso saúde-enfermidade, non debemos limitarnos a engadir anos á vida, fundamentalmente debemos centrar o noso esforzo en engadir vida os anos, motivo polo cal, debemos relacionar o proceso saúde-enfermidade co proceso felicidade-sufrimento.

¿Sufrimos os galegos e as galegas por algún destes problemas?

Cancro, accidentes cerebro vasculares, cardiopatía isquémica, discapacidades, obesidade (24,9% dos nenos 1-17 anos obesos ou con sobrepeso), diabetes, hipertensión arterial, hiperlipémias, enfermidades osteoarticulares, alerxias, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, hepatopatías, dependencias, depresións, etc. Todos os datos indican que estas son causas do noso sufrimento e que cada día son mais frecuentes no noso medio.

Sen dubida a etioloxía destes problemas é multifactorial, e probablemente o noso nivel actual de coñecementos, en poucos casos ou quizás en ningún, sexa capaz de permitirnos identificar unha rede completa de causalidade dun problema de saúde, pero elo non xustifica que non actuemos sobre o que coñecemos, sexa moito ou pouco.

¿Terán que ver estes problemas de saúde coa nosa forma de vivir?

Alimentación inadecuada, sedentarismo (30,2% dos nenos galegos entre 1 e 15 anos ven a TV máis de 2 h. diarias), tabaquismo, alcoholismo, outras drogadicción, etc.

¿Terán que ver estes problemas coa nosa forma de tratar o noso medio ambiente?

Contaminación atmosférica por CO_2, contaminación das augas con metais pesados, contaminación dos cultivos con velenos, contaminación biolóxica dos mares (anisakis), ruídos, cambio climático, etc.

Se consideramos os problemas de saúde mais prevalentes e importantes, a resposta á pregunta anterior é afirmativa, temos condutas autodestrutivas a curto prazo, e deterioramos o medio ambiente a unha velocidade que impide a autorexeneración, repercutindo negativamente na nosa saúde e na das xeracións vindeiras.

Sen lugar a dúbidas, en países desenvolvidos, son os factores ligados a nosos estilos de vida e á nosa incidencia sobre o medio ambiente, os que están condicionando a nosa forma de enfermar, sufrir e morrer. **Medio ambiente e saúde forman parte pois dun mesmo proceso, aspecto que debería terse sempre presente.**

Nos países menos desenvolvidos, a situación é tristemente diferente, o que podemos apreciar na táboa adxunta. Tanto a nivel de saúde, do que a mortalidade en menores de 5 anos é un bo indicador, como a nivel de dotación de recursos sanitarios, aspecto que reflicte a mortalidade materna, se correlacionan coa distribución da riqueza. A forma de vivir nunhas zoas do planeta, condiciona as formas de enfermar, sufrir e morrer doutras.

Unha globalización inxusta, condiciona problemas de saúde e ecolóxicos que afectan primeiro ó mundo máis desfavorecido, poro a medio e longo prazo, termina afectando a todos. Esta visión universal abonda de novo en que saúde e medio ambiente son partes dun mesmo proceso.

POBREZA, SAÚDE E RECURSOS SANITARIOS - ANO 2005

	Habitantes (millóns)	**PNB per cápita (en $ USA)**	**Mortalidade (< 5 anos)**	**Mortalidade materna axustada**
Paises industrializados	961			13
Paises en desenvolvemento	5.239	1.801	83	440
Paises menos adiantados	759	383	35.410	6
España	43	25.360	5	4

Fonte: ONU. Tomado de UNICEF, ´Estado Mundial de la Infancia 2007´

II. ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN EN GALICIA

Ante esta visión, catro estratexias deben dirixir a actuación en Galicia:

a) Autorresponsabilización de toda a sociedade

Estilos de vida insalubres e deterioro do medio ambiente, están cambiando o noso patrón de morbimortalidade nas últimas décadas, aspecto non valorado suficientemente pola sociedade, o que constitúe o centro do problema, pois falamos de condutas autoagresivas que para cambiar requiren información, convencemento e motivación.

Existe unha tendencia a dar unha excesiva importancia, a veces case exclusiva, á medicina curativa, responsabilizando da saúde á Administración sanitaria, cando son os propios estilos de vida que eliximos os culpables da maioría dos problemas de saúde que sufrimos.

b) Fomento das actividades de promoción e protección da saúde

A estrutura sanitaria actual está construída para responder a un patrón de morbimortalidade superado no tempo, motivo polo que é imprescindible afrontar os cambios necesarios para adaptarse ás novas demandas, que deben concretarse nunha carteira de servizos de promoción e protección da saúde que represente os dereitos actuais dos cidadáns e que se adapte á normativa europea. É imprescindible axustar os orzamentos as novas demandas incluídas nesa carteira de servizos, así como dotarse dun novo marco organizativo que mellore a eficiencia e contemple a interprofesionalidade e intersectorialidade que hoxe demanda o proceso saúde-enfermidade.

c) Inverter en Atención Primaria de Saúde (APS)

É necesario inverter en APS, primeiro nivel de contacto da poboación co sistema sanitario, a súa implicación en actividades de promoción e protección da saúde representa moito como estratexia, para elo é imprescindible dispor da estrutura necesaria de apoio.

d) Elaboración e execución de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables

A estratexia ´NAOS´ do Ministerio de Sanidade e Consumo, ou o programa ´PASEA´ da Consellería de Sanidade, son estratexias centradas na transformación dos estilos de vida. É preciso implicar a toda a sociedade, empezando polo sector do ensino e os concellos.

Estas estratexias poden resumirse nunha frase moi vella pero pouco asumida: ***´´Mais vale previr que curar´.***

Queda un último aspecto a considerar: **¿será posible o éxito neste importante reto?** Se en poucos anos fomos capaces de reducir a mortalidade infantil nun 50%, creo que debemos ser optimistas. O segredo dese éxito foi implicar a moitos sectores para traballar todos xuntos na mesma dirección.

POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL GALEGO: IMPORTANCIA DA SÚA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN

Ricardo GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN

Director xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia

I. DEFINICIÓN

A Unión Internacional para a Conservación da Natureza e dos Recursos Naturais (UICN), define Espazo Natural Protexido (en adiante ENP), como:

"*Areas de dimensión variable que foron obxecto da promulgación de medidas legais específicas, tendentes á protección dos seus valores naturais, incluíndo os culturais si os houbera"*.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, define os ENP como :

1. *Terán a consideración de espazos naturais protexidos aqueles espazos do territorio nacional, incluídas as augas continentais, e as augas marítimas baixo soberanía ou xurisdicción nacional, incluídas a zona económica exclusiva e a plataforma continental, que cumpran ao menos un dos requisitos seguintes e sexan declarados como tales:*

a) Conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo.

b) Estar dedicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturais asociados.

Por outro lado, a Comunidade Autónoma galega, ao amparo da súa potestade lexislativa, promulga a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza, na que define os ENP como:

"Aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humano, e que fosen declarados como tales".

II. HISTORIA DOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

Os Espazos Naturais Protexidos son, en definitiva, demarcacións administrativas establecidas coa finalidade de favorecer a conservación da natureza.

Os primeiros ENP declaráronse en Estados Unidos. O pioneiro foi o Parque Nacional de Yellowstone no ano 1872. A partir de aquí iniciáronse en todo o mundo moitas outras declaracións de espazos naturais protexidos.

España non foi una excepción na declaración destes espazos. Así, noso ordenamento xurídico coñece a figura do Parque Nacional coa Lei 7 de decembro de 1916 e foi no ano 1918 cando se declararon os dous primeiros Parques Nacionais: a montaña de Covadonga (22 de xullo) e Ordesa (16 de agosto). Dous anos máis tarde declarou o Sitio Nacional de San Xoán da Peña en Huesca. Estes tres espazos forman o punto de arranque da nosa política de espazos protexidos.

O Real Decreto do 15 de xullo de 1927 outorga ás figuras de Sitio de Interese Nacional e de Monumento Natural de Interese Nacional un carácter meramente honorífico.

Máis tarde, a Lei de Montes de 1957 e o seu regulamento de 1962 derrogan a Lei de 1916 de Parques Nacionais e establécese 4 categorías de áreas protexidas: Parque Nacional, Sitio Nacional, Sitio Natural de Interese Nacional, Monumento Natural de Interese Nacional.

No ano 1975 aprobouse a Lei de Espazos Naturais Protexidos (Lei 15/1975, do 2 de maio, de Espazos Naturais Protexidos), desenvolta regulamentariamente un ano máis tarde. Esta, Lei, incluía como figuras de espazos naturais protexidos as de Parque Nacional, Parque Natural, Reserva Integral e Paraxe Natural de Interese Nacional.

Posteriormente, a Lei 4/1989 de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre reempraza a Lei de 1975. Esta establece catro figuras de espazos naturais protexidos: Parques, Reservas Naturais, Monumentos Naturais e Paisaxes Protexidos.

Na actualidade, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade divide as áreas protexidas en tres grandes grupos:

1. Espazos naturais protexidos que están formados por: Parques, Reservas Naturais, Áreas Mariñas protexidas, Monumentos Naturais e Paisaxes protexidas

2. Espazos protexidos Rede Natura 2000 formado por: Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), creadas en base á Directivas Hábitats (Directiva 92/43/CEE del Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres) e a Directiva Aves (Directiva 79/409/CE do Consello do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres)

3. Áreas Protexidas por instrumentos internacionais entre as que figuran: Os humidais de Importancia Internacional do Convenio relativo aos humidais de Importancia Internacional especialmente como Hábitat de Aves Acuáticas (RAMSAR), os Sitios Naturais da Lista do Patrimonio Mundial, Áreas Protexidas do convenio para a protección do medio ambiente mariño e do atlántico do nordeste (OSPAR), Zonas Especialmente Protexidas de Importancia para o Mediterráneo (ZEPIM), Xeoparques e Reservas da Biosfera declaradas pola Unesco e por último as Reservas Bioxenéticas do Consello de Europa.

En Galicia, coa publicación da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza clasifícanse os espazos naturais protexidos nas seguintes categorías:

1. Reserva natural.
2. Parque nacional.
3. Parque natural.
4. Monumento natural.
5. Humidal protexido.
6. Paisaxe protexida.
7. Zona de especial protección dos valores naturais.
8. Espazo natural de interese local.
9. Espazo privado de interese natural.

III. OS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS EN GALICIA

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza crea a Rede Galega de espazos protexidos constituída polos espazos que ostenten algunha das seguintes categorías:

1. Reserva Natural.
2. Parque Nacional.
3. Parque Natural.
4. Monumento Natural.
5. Humidal Protexido.
6. Paisaxe Protexida.
7. Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

A Rede Natura 2000 está incluída dentro da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos baixo a figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Actualmente a Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos ocupa o 13,1 % da superficie de Galicia cunhas 388.000 ha aproximadamente.

Neste sentido a Rede Galega de Espazos Protexidos esta formada por:

PARQUE NACIONAL (1)

1. Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía de Arousa).

PARQUES NATURAIS (6)

1. Monte Aloia (Tui-Pontevedra).
2. Complexo Dunar de Corrubedo y lagoas de Carregal e Vixán.
3. Baixa Limia-Serra do Xurés (Entrimo, Lobios, Muiños-Ourense).
4. O Invernadeiro (Vilariño de Conso-Ourense).
5. Fragas do Eume (Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume, As Pontes-A Coruña).
6. Serra da Enciña da Lastra (Rubiá-Ourense).

MONUMENTOS NATURAIS (7)

1. A Fraga de Catasós (Lalín-Pontevedra).
2. O Souto da Retorta (Viveiro-Lugo).
3. O Souto de Rozabales (Manzaneda-Ourense).
4. A Costa de Dexo (Oleiros-A Coruña).
5. Praia das Catedrais (Ribadeo-Lugo).
6. A Carballa da Rocha (Rairiz de Veiga-Ourense)
7. Serra Pena Corneira (Carballa de Avia, Leiro e Avión).

HUMIDAIS PROTEXIDOS (5 RAMSAR)

1. Ría de Ribadeo.
2. Ría de Ortigueira e Ladrido.
3. Lagoa e areal de Valdoviño.
4. Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo.
5. Complexo intermareal Umia-Grove, A Lanzada.

ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS (75)

(Rede Natura 2000 formada por 59 LIC + 15 ZEPAS + Miño-Neira)

PAISAXES PROTEXIDOS (2)

1. Val do río Navea (San Xoán de Río e Pobra de Trives).
2. Penedos de Pasarela e Traba (Vimianzo e Laxe).

Ademais destes, fora da rede galega de espazos protexidos temos:

ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL (3)

1. Espazo Natural de Voutureira (San Cibrao das Viñas).
2. Puzo do Lago (Maside-Ourense) (Provisional 2 anos).
3. Illas de San Pedro (A Coruña) (Provisional 2 anos).

ESPAZO PRIVADO DE INTERESE NATURAL (1)

1. Espazo Natural de Sobreiras do Faro (Oia-Pontevedra) (Provisional) .

IV. A REDE NATURA 2000

Na actualidade existe unha rede ecolóxica comunitaria "Natura 2000" creada pola Directiva 92/43 CEE do Consello de 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e de fauna e flora silvestres.

Esta Directiva pretende crear unha rede de espazos naturais que contribúen a garantir a biodiversidade mediante, a conservación dos hábitats naturais e de flora e fauna silvestre no territorio europeo dos Estados membros.

Esta rede de espazos está formada por Zonas de Especial Conservación (ZEC) que son lugares de importancia comunitaria (LIC) propostos polos Estados membros que de maneira apreciable contribúen a manter un tipo de hábitats natural dos citados no Anexo I da Directiva de Hábitats e/ou de especies das enumeradas no Anexo II. Estes LIC designaranse ZEC polas Comunidades Autónomas, unha vez que sexan aprobados pola Comisión e teñan os correspondentes Plans de Xestión que eviten o deterioro dos hábitats

naturais ou das especies. Tamén pasarán a formar parte da rede Natura 2000 as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPAS).

A este respecto xa existe unha aprobación por parte da Comisión Europea da lista dos "LIC" da rexión bioxeográfica atlántica mediante a Decisión da Comisión de 7 de decembro de 2004 e actualizada pola Decisión da Comisión de 12 de decembro de 2008. Así mesmo, foi aprobada tamén por parte da Comisión Europea a lista dos "LIC" da rexión bioxeográfica mediterránea mediante a Decisión da Comisión de 19 de xullo de 2006 e actualizada pola Decisión da Comisión de 12 de decembro de 2008.

En Galicia, en base á Lei 9/2001 de conservación da natureza, todos os LIC e ZEPAS da nosa comunidade que forman parte da rede Natura 2000 encóntranse protexidos (ademais da protección que lle outorga a propia Directiva Hábitats e a Lei 42/2007) mediante a figura de "Zonas de especial protección dos valores naturais" segundo o Decreto 72/2004, de 2 de abril.

Así, nos espazos declarados como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais poderanse levar a cabo de maneira ordenada os usos e actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluídas as edificacións, precisarase a autorización do Medio Ambiente (na actualidade Consellería do Medio Rural).

A rede Natura 2000 en Galicia está formada por 59 LIC e 15 ZEPAS.

A superficie dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) que forman parte da rede Natura 2000 ocupa unha superficie total de 374.404,64 ha que representan aproximadamente o 12,6 % do territorio Galego.

Estes LIC encóntranse repartidos da seguinte maneira:

16 LIC na provincia da Coruña.
17 LIC na provincia de Lugo.
9 LIC na provincia de Ourense.
17 LIC na provincia de Pontevedra.

A Coruña	**Cod.**	**Ha**
Ortigueira-Mera	ES1110001	3.868
Costa Artabra	ES1110002	7.546
Fragas do Eume	ES1110003	9.127
Encoro de Cecebre	ES1110004	493
Costa da Morte	ES1110005	11.809
Complexo húmido de Corrubedo	ES1110006	9.263
Betanzos-Mandeo	ES1110007	1.020
Carnota-Monte Pindo	ES1110008	4.674
Costa de Dexo	ES1110009	347
Estaca de Bares	ES1110010	852
Esteiro do Tambre	ES1110011	1.581
Monte e lágoa de Louro	ES1110012	1.096
Xubia-Castro	ES1110013	2.074
Serra do Careón	ES1110014	6.662
Río Anllóns	ES1110015	162
Río Tambre	ES1110016	583

Lugo	**Cod.**	**Ha**
Ancares-Coruel	ES1120001	102.562
Río Eo	ES1120002	1.003
Parga-Ladra-Támoga	ES1120003	4.938
A Marronda	ES1120004	1.239
As Catearais	ES1120005	297
Carballido	ES1120006	4.828
Cruzul-Agueira	ES1120007	652
Monte Faro	ES1120008	2.988
Monte Maior	ES1120009	1.247
Negueira	ES1120010	4.558

Ría de Foz-Masma	ES1120011	643
Río Landro	ES1120012	127
Río Ouro	ES1120013	109
Canón do Sil	ES1120014	5.914
Serra do Xistral	ES1120015	22.964
Río Cabe	ES1120016	1.787
Costa da Mariña Occidental	ES1120017	491

Ourense	**Cod.**	**Ha**
Baixa Limia	ES1130001	33.920
Macizo Central	ES1130002	46.983
Bidueiral de Montederramo	ES1130003	1.984
Pena Verdosa	ES1130004	2.321
Río Talega	ES1130005	630
Veiga de Ponteliñares	ES1130006	160
Pena Trevinca	ES1130007	24.894
Pena Maseira	ES1130008	5.715
Serra da Enciña da Lastra	ES1130009	1.742

Pontevedra	**Cod.**	**Ha**
Sistema fluvial Ulla-Deza	ES1140001	1.633
Río Lérez	ES1140002	149
A Ramallosa	ES1140003	92
Complexo Ons-Grove	ES1140004	7.607
Illas Cíes	ES1140005	990
Río Tea	ES1140006	356
Baixo Miño	ES1140007	2.871
Brañas de Xestoso	ES1140008	1.077
Cabro Udra	ES1140009	623
Costa da Vela	ES1140010	1.419
As Gándaras de Budiño	ES1140011	727
Illas Estelas	ES1140012	725
Serra do Candán	ES1140013	10.699
Serra do Cando	ES1140014	5.458
Sobreirais do Arnego	ES1140015	1.124
Enseanada de San Simón	ES1140016	2.218
Monte Aloia	ES1140017	783

Por outra banda á Directiva 79/490/CEE, do Consello de 2 de abril 1979 relativa a conservación das aves silvestres, crea as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPAS), onde os Estados membros adoptaran as medidas adecuadas para evitar a contaminación e o deterioro dos hábitats e as perturbacións que afectan as aves.

Neste sentido as 15 ZEPAS existentes en Galicia suman unha superficie total de 94.089 ha que representan o 3,1 % do territorio Galego cos seguintes espazos:

DENOMINACIÓN	SUP. (ha)	Tierra	Mar
Illas Cíes	990,33	458,63	531,70
Ribadeo	*613,76	276,99	336,77
Ría de Ortigueira e Ladrido	3.205,50	1.345,64	1.679,63
Complexo inermareal Umia-OGrove, A Lanzada, punta Carreirón e lágoa Bodeira	2.812,50	1.062,10	1.750,87
Costa da Morte Norte	7.962,22	3.762,36	4.199,87
Illa de Ons	923,79	444,68	479,11
Costa de Ferrolterra-Valdoviño	4.265.53	1.844,47	2.421,07
Serra da Enciña da Lastra	1.742.10	1.742,10	0,00
Complexo litoral de Corrubedo	971,48	971,48	0,00
Costa da Mariña Occidental	2.169		

Ría de Foz	564		
Ancares	12.564		
Esteiro do Miño	1.688		
BAixia Lima-Serra do Xurés	31.287		
Pena Trevinca	22.510,28	22.510,28	

En total a rede Natura 2000 suma unha superficie de 384.382 ha que representa 12,9 % da superficie de Galicia.

V. OUTROS ESPAZOS PROTEXIDOS

Certas institucións internacionais como a UNESCO, outorgan títulos a algunhas áreas que compren con certas condicións ou características especiais.

Así, as Reservas da Biosfera, son declaradas pola UNESCO ao amparo do Programa Home e Biosfera. Cada reserva conserva modelos de ecosistemas característicos de cadansúa rexión no mundo. Nas Reservas da Biosfera ten gran importancia a integración da conservación da natureza coas actividades humanas.

En Galicia encóntranse declaradas 5 Reservas da Biosfera:

No ano 2002 "Terras do Miño".
No ano 2005 Área de Allaríz".
No ano 2006 "Os Ancares Lucenses".
No ano 2007 "Río Eo, Oscos e Terras de Burón".
E no ano 2009 "Gerês-Xurés".

Por outra banda, o Anexo V sobre Protección e Conservación dos Ecosistemas e a Diversidade Biolóxica das áreas mariñas forma parte integrante do Convenio para a protección do medio mariño do Atlántico do Nordeste (Convenio de Olo-París, OSPAR), Adoptado en París o 22/09/1992 e ratificado por España o 25/01/1994. Aquí as partes contratantes adoptarán as medidas necesarias para protexer e conservar os ecosistemas e a diversidade biolóxica da zona marítima e, se é posible, recuperar as zonas mariñas que padeceran efectos nocivos. A tal fin, cooperarán de cara á adopción de programas e medidas que regulen as actividades humanas determinadas segundo os criterios que figuran no Apéndice 3.

En España integrouse o 27 de xuño de 2008 na Rede OSPAR de Áreas Mariñas Protexidas ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

VI. SISTEMA DE PLANIFICACION DOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS EN GALICIA

A xestión dos espazos naturais protexidos realízanse mediante plans que conteñen medidas ou actuacións a realizar tanto pola Administración do espazo protexido, como por outras administracións públicas e incluso os particulares. A finalidade destas actuacións é cumprir os obxectivos de conservación, expresado na norma legal que recolle a declaración do espazo protexido.

A Lei 42/2007 recolle como instrumentos básicos de planificación dos espazos naturais protexidos os seguintes:

- Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN).
- Plan Rector de Uso e Xestión (PRUX).
- A Lei galega 9/2001 de conservación da natureza contempla unha terceira figura denominada Plan de Conservación.

Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN)

E un instrumento de planificación que establece as medias necesarias para asegura-la protección, conservación, mellora e utilización racional do espazo protexido.

Características:
- Debe realizarse con anterioridade a declaración do espazo protexido (como norma xeral).

- Prevalecen sobre calquera outro instrumento de ordenación.
- Sométense a información pública e trámite de audiencia.
- Teñen unha vixencia ilimitada.

Plan Rector de Uso e Xestión (PRUX)

E un instrumento de xestión de todo o espazo natural protexido.

Características:
- Desenrola e concreta as determinacións de xestión, protección e conservación recollidas no PORN na materia de medioambiental.
- E un documento técnico onde se define claramente cómo alcanzar os obxectivos técnicos, orzamentarios e de medios.
- Posúen un período de vixencia máxima de 6 anos.
- A súa realización e aprobación e posterior a declaración do espazo protexido.

Plan de Conservación

Establecen o réxime de usos e actividades permisible, así como as limitacións que considéranse necesarias para a conservación do espazo.

Características:
- A súa aprobación terá lugar nos dos anos seguintes a declaración do espazo natural protexido.
- Prevalecerán sobre o planeamento urbanístico.
- Aprobarase mediante Decreto.
- Someterase a información pública.

VII. DECLARACION DOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA

Para a Comunidade Autónoma e en base a Lei 9/2001, correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente (na actualidade Consellería do Medio Rural) a tramitación dos procedementos de declaración de espazos naturais protexidos.

A declaración de Reservas naturais e Parques esixirá previa elaboración e aprobación do PORN. Excepcionalmente poderá realizarse no ano seguinte a súa declaración se se xustifica axeitadamente. A súa xestión realizarase mediante os PRUX.

Para as demais categorías de espazos naturais protexidos será necesaria, polo menos a aprobación de Plans de conservación.

VIII. XESTION DOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS EN GALICIA

A xestión destes espazos correspóndelle á Consellería do Medio Rural, excepto nos Espazos Natural de Interese Local que correspóndelle aos concellos e nos Espazos Privados de Interese Natural que é o particular ou entidade que propuxo a súa declaración.

RADIOGRAFÍA DA SAÚDE AMBIENTAL DE GALICIA: PROPOSTAS DE MELLORA

Francisco José PEÑA CASTIÑEIRA

Profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE-Universidade Politécnica de Madrid.
Académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.
Experto en saúde ambiental

I. INTRODUCCIÓN

El periplo itinerante de casi 200.000 km por toda la geografía gallega a lo largo de esta década, a través de la puesta en marcha del Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2009, me ha permitido descubrir cada rincón de Galicia y conocer de forma muy directa su incomparable patrimonio natural y enorme potencial ecológico, pero también sus problemas y carencias que se consideran más importantes, así como las posibles soluciones que se deberán adoptar a través de la cooperación y el diálogo de todos los agentes sociales implicados en el tema, lo cual he querido plasmar de la manera más sintética y didáctica posible en este resumen.

II. LÍNEAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS Y RECOMENDACIONES PARA SU MEJORA

II.1. ORDENACIÓN TERRITORIAL

- Falta de planificación y ordenación territorial en Galicia. La gran dispersión de la población en Galicia dificulta enormemente llevar las infraestructuras y servicios a toda la población, dado su elevado coste.

II.2. URBANISMO Y MEDIO AMBIENTE: CREAR ENTORNOS SALUDABLES

- Ordenación urbana, integrando la urbanización y el urbanismo con el medio ambiente, siendo respetuosos con los cascos monumentales e históricos de las villas, márgenes de los ríos y el paisaje. La sociedad actual demanda cada vez con mayor insistencia zonas de esparcimiento en el medio natural, de ahí la necesidad de promover zonas verdes, parques, áreas recreativas, rutas e itinerarios rurales de senderismo, que faciliten a los ciudadanos un mayor contacto con la naturaleza y una estancia más agradable en beneficio de su salud.

II.3. CONSERVACIÓN DE ESPACIOS NATURALES PROTEGIDOS

- Hacer compatible el cuidado integral de Galicia con la puesta en valor y divulgación de las zonas de especial protección de los valores naturales, con una riqueza faunística, florística y paisajística, que constituyen su patrimonio natural, y que por tanto hay que proteger y conservar; siendo preciso ordenar los recursos naturales de la mayor parte de esos espacios protegidos y elaborar los planes de uso y gestión de los mismos, además de establecer medidas protectoras que faciliten la mejora y recuperación de hábitats singulares que contribuyan a conservar la diversidad biológica y a diversificar y mejorar la textura del paisaje.

II.4. GESTIÓN FORESTAL SOSTENIBLE

- Es preciso impulsar una política preventiva encaminada a proteger nuestros bosques y especialmente los ecosistemas forestales dada su importancia ecológica, fomentando las buenas prácticas para una gestión sostenible del medio forestal que permita la conservación de la biodiversidad y del paisaje, y resaltar los valores culturales. Dedicar mayor atención y más medios al cuidado y a la limpieza del monte, y fomentar la educación forestal sostenible en la población, son aspectos que contribuirán a prevenir los incendios forestales en Galicia.

